



GRUPO MUNICIPAL  
POBRA DO CARAMIÑAL

CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

15 MAI. 2017  
Entrada nº: 2098  
Saída nº: .....

Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN PARA AUMENTAR A SEGURIDADE NO NOSO CONCELLO**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos o noso concello está a sufrir unha importante vaga de roubos en diversos establecementos comerciais e hosteleiros, así como inmóbeis particulares. Moitas veces os danos causados nos negocios ocasionan grandes prexuízos aos autónomos e propietarios que se suman á xa difícil situación que están a vivir moitos deles.

Parece claro que, á marxe de que aumentara a delincuencia, as políticas de seguridade cidadá non están funcionando ben e a sensación de impunidade esténdese entre os veciños e veciñas. Á xa coñecida realidade da nosa policía municipal, con escasos medios materiais e humanos, temos que engadir a situación disfuncional que se está a dar coa forza que ten encomendada fundamentalmente o mantemento da seguridade no noso concello, que non é outra que a Garda Civil.

No ano 2003, o Goberno Municipal chegou a un acordo de colaboración co instituto armado mediante o cal se lles cedían unhas instalacións municipais, nas que o concello investiu, entre outros, fondos propios, e o Ministerio de Interior comprométiasi non só a manter o destacamento que existía senón a reforzalo con máis medios e con atención continuada á ciudadanía. É evidente que isto non está a acontecer.

De todos é coñecida a posición do BNG a respecto da substitución dos corpos de seguridade españois por un corpo de funcionarios propios, unha auténtica policía galega, que desenvolva as funcións que hoxe están repartidas entre distintos corpos, aumentando así a súa eficacia, así como desmilitarizando o seu funcionamento e depurándoo de tics do pasado. Mais mentras isto non se execute é evidente que teremos que esixir un funcionamento adecuado a todos os estamentos encargados de velar e garantir a nosa seguridade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG-AA propón á Corporación a adopción dos seguintes



**GRUPO MUNICIPAL  
POBRA DO CARAMIÑAL**

**ACORDOS:**

1.- O Goberno Municipal desenvolverá no exercicio das súas competencias e responsabilidades as acción oportunas para poñer fin á vaga de roubos que se vive no noso concello. Para tal fin, e entre outras actuacións, acometerá os reaxustes necesarios no funcionamento da policia local e coordinará coas forzas encargadas da seguridade no municipio, e nomeadamente coa Garda Civil, as melloras necesarias para facerlle frente a esta situación. Nese sentido parece necesaria a convocatoria urxente dunha Xunta de Seguridade Local.

2.- O Goberno Municipal esixirá o cumprimento dos acordos tomados co Ministerio do Interior a respecto do funcionamento e cesión das dependencias municipais como sede do destacamento da Garda Civil, exercendo o dereito á recuperación do inmoble para uso municipal se non se cumpren os obxectivos da cesión.

A Pobra do Caramiñal, 12 de maio de 2017

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,  
Concelleiro do G. M. do BNG

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**